



DATOS IDENTIFICATIVOS

Estética: Palabra e imaxe

Materia	Estética: Palabra e imaxe			
Código	V01G400V01961			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Literatura española e teoría da literatura			
Coordinador/a	Candelas Colodrón, Manuel Angel			
Profesorado	Candelas Colodrón, Manuel Angel			
Correo-e	mcande@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Os contidos da materia están distribuídos en dúas partes: a) Introducción ao estudo da Estética e breve *panorámica da súa historia *b) A estética da imaxe: estudo dos principais movementos cinematográficos			

Competencias

Código	
A1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A2	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permita ao estudantado acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B3	Capacidade do estudantado no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos e literarios.
B5	Capacidade do estudantado para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o título.
B6	Ser quen de apreciar outras culturas e expresións artísticas e competentes para sensibilizar á contorna propia na apreciación da diversidade intercultural. Explorar ademais as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
B9	Posuír as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías.
C3	Coñecemento da literatura galega, española e portuguesa.
C6	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise literaria.
C7	Coñecemento das correntes teóricas e metodolóxicas da teoría e crítica literaria.
C10	Coñecemento dos conceptos e métodos da literatura comparada.
C18	Capacidade para localizar, utilizar e aproveitar a información contida en bases de datos e outros instrumentos informáticos e Internet.
D2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
D5	Capacidade de xerar novas ideas.
D8	Habilidade para traballar de forma autónoma.
D10	Capacidade de análise e síntese.
D11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
D12	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Adquirir conciencia do problema da diferenza estética e da ruptura coa tradición característica do presente	A2 A5	B6	C10 C18	D5 D10
Coñecemento dos máis relevantes movementos cinematográficos, integrándoos no contexto da historia social e política en que estes se producen	A1 A2 A5	B2 B5 B6 B9	C3 C6 C7 C18	D5
Capacidade para reflexionar sobre a estética das correntes cinematográficas de maneira que poida desenvolver unha actividade como crítico ou historiador.	A1 A5		C6 C7 C10 C18	D11
Capacidade para elaborar un traballo de investigación que aborde a análise dunha película, a obra dun director, unha corrente, etc., con garantía de rigor, acorde coas normas dunha investigación académica	A1	B3	C6 C7 C10	D2 D8 D10 D11 D12

Contidos

Tema	
1. A Estética	1.1 Concepto. O belo. A percepción da arte. Filosofía e teoría da arte. 1.2 Breve historia da Estética. A mímese, o modelo helénico. Platón/Aristóteles. Baumgarten. Kant. Estéticas contemporáneas. 1.3. Palabra e imaxe. Eloquencia muta/ pictura loquens. Mímese. Illustratio. Emblemas. Lessing e o seu Laoconte. Arte abstracta. Arte conceptual. 1.4. Estéticas e teorías da arte. 1.5. A estética audiovisual.
2. Teorías, linguaxes e creación.	2.1. Elementos da linguaxe visual. 2.2. A narración fílmica. 2.3. Análise cinematográfica. 2.4. Recepción: público, industria, crítica. 2.5. Historia industrial. Produción.
3. Xéneros cinematográficos.	3.1. Comedia. Burlesco. Cinema cómico. De situación. Screwball. Melodrama. Musical 3.2. Épica: western, cinema negro, aventuras, histórico, peplum. 3.3. Documental. Cinema verité. 3.4. Fantástico. De fantasía. 3.5. Animación.
4. Estética cinematográfica e evolución histórica.	4.1. A invención do cinema: os pioneiros. 4.2. As vangardas. Surrealismo. 4.3. Expresionismo alemán. 4.4. O cinema soviético. 4.5. O cinema dos grandes estudos americanos. 4.6. O cinema americano de postguerra. 4.7. O Neorrealismo e o cinema italiano de postguerra.. 4.8. A nouvelle vague. 4.9. O Free cinema británico. O novo cinema alemán. O Cinema Nuovo italiano. 4.10. Transformacións no cinema norteamericano. 4.11. Cinema europeo e o novo Hollywood 4.12. Cinematografías asiáticas. Aproximación ao cinema africano. 4.13. Cinematografías latinoamericanas. 4.14. Cinema actual. Cinema Dogma. Realismo social.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	20	40	60
Estudo de casos/análises de situacións	14	28	42
Traballos de aula	10	30	40
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	4	4	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición

Lección maxistral	O profesor/a explicará en clase cada un dos temas incluídos no programa da materia. Presentará en clase as películas que serán motivo de análise e debate.
Estudo de casos/análises de situacións	A medida que avance a explicación do programa os alumnos/as poderán resolver casos prácticos referidos á identificación dos trazos, formais e de contido, característicos da estética de cada movemento cinematográfico.
Traballos de aula	Os/as estudantes poderán realizar, ao longo do curso, en función do número de persoas matriculadas, un traballo que exporán na aula ante os seus compañeiros/as.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos/análises de situacións	O estudo de casos concretos levará a cabo ao longo do curso. Cada alumno/a haberá de resolver polo menos un deses casos. Todos os alumnos contarán coa guía e colaboración do profesor/a

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Estudo de casos/análises de situacións	Valorarase a participación en clase.	10	C3 D2 C6 D5 C7 D12 C10
Traballos de aula	É avaliación condicionada ao número de alumnado: se é excesivo, non se solicitarán. A cualificación, nese caso, quedará anulada.	10	A5 B2 D2 B3 D5 B5 D10 B6 B9
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Ao final do curso, solicitarase ao alumnado dúas probas de resposta longa, por escrito, que deberán elaborar no prazo de 24 horas. 1. Unha pregunta teórica, á propósito dun dos apartados específicos do programa, tratados ao longo do curso. 2. Unha análise formal dunha película elixida polo profesor/a.	80	

Outros comentarios sobre a Avaliación

O exame final coincidirá coas Probas de resposta longa.

Para o alumnado da fórmula semipresencial, a avaliación consistirá na elaboración de polo menos seis análises formais doutro seis películas elixidas polo profesor. Para o exame de xullo manterase a mesma estrutura de exame que o das probas de resposta longa.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

ALTMAN, RICK, **Los géneros cinematográficos**, Barcelona: Paidós,
 Bordwell, David y Thompson, Kristin, **El arte cinematográfico: una introducción**, Barcelona: Paidós,
 Bozal, Valeriano, **Historia de las ideas estéticas y de las teorías artísticas contemporáneas I y II**, Madrid: Visor,
 Caparrós Lera, José María, **Historia del cine europeo : de Lumière a Lars von Trier**, Madrid: Rialp,
 Castro De Paz, José Luis, Pérez Perucha, Julio y Zunzunegui, Santos, (dirs.), **La nueva memoria. Historia(s) del cine español**, A Coruña: Via Láctea,
 Eco, Umberto, **Historia de la belleza**, Barcelona: Lumen,
 Gubern, Román, **Historia del cine**, Barcelona: Lumen,
 Heredero, Carlos F. y Monterde, José Enrique, **En torno al Free Cinema: la tradición realista del cine británico**, Valencia: IVAC,
 QUINTANA, Angel,, **Cine italiano 1942-1961**, Barcelona: Paidós,
 Sánchez Noriega, José Luis, **Historia del cine (nueva edición)**, Madrid: Alianza Editorial,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Filosofía: Introducción ás ciencias humanas e sociais/V01G400V01103
 Historia: Historia das culturas ibéricas/V01G400V01201
 Literatura: Crítica literaria/V01G400V01205

Literatura comparada/V01G400V01404

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Literatura española dos séculos XX-XXI/V01G400V01935

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Literatura: Teoría da literatura/V01G400V01203

Retórica e poética/V01G400V01402

Sociolingüística/V01G400V01401

Análise das obras centrais da literatura galega durante o franquismo/V01G400V01924

Análise das obras centrais do período Nós/V01G400V01923

Xéneros/V01G400V01963

Literatura española dos séculos XX-XXI/V01G400V01935
